

6 *Review***POSKA, Allyson M.**Oxford: Oxford University
Press, 2005. 281 pp.
ISBN 978-0-19-926531-2*Women and
Authority in Early
Modern Spain: The
Peasants of Galicia***Paulo Jablonski García**
Museo de Arte
Contemporáneo de Vigo

Imaxino a Allyson Poska en 1625 na parroquia de Santa Baia de Bouses, en Ourense, falando con Ana Álvarez, a mesma que elixira a Gerónima Pérez como madriña da súa filla ilexítima, Lucía. Ela (Ana) non sabía que Gerónima había ter a súa propia filla ilexítima seis anos máis tarde. De forma paralela, Constanza Sotelo escolleu a Ana Álvarez como comadre para a súa filla, tamén ilexítima, no ano de 1666. Imaxino a Poska como etnógrafa falando con estas mulleres, preguntando sobre os seus problemas, capacidades de actuación, relación cos demais paisanos da parroquia, co poder establecido, e coa súa forma de vida e sustento, entre outras cuestións. Imaxínoa porque, en certo sentido, Poska mostra, cunha prosa coidada e de fácil lectura, o que hai vinte anos Clifford Geertz discutira como o 'estar alí' do autor. A perspectiva etnohistórica sitúanos nun libro cheo de referencias a lendas, contos e ditos populares, mesturados con actas inquisitoriais, testamentos, documentación xudicial e rexistros parroquiais. É así que a imaxino como etnógrafa nos arquivos máis do que como historiadora. Etnógrafa tamén na súa estratexia expositiva e etnógrafa rodeada de informantes clave que non ten medo en presentar ao lector. É a partir desta sensación que sobresaen tanto as excelencias de *Women and Authority in Early Modern Spain: The Peasants of Galicia* como o seu fondo problemático.

Poska pon en evidencia unha visión da historia limitada polas súas fontes e a falta de crítica do contexto de produción das mesmas. Refuta de forma convincente cuestións como a relación entre honra, sexualidade e xénero presentes en parte da produción literaria moderna e retomada máis tarde por diversos autores, tanto dende a Historia como da Antropoloxía. Unha sinxela pero rigorosa comparación entre estas obras literarias, tendo en conta tanto a súa autoría como o público de destino, coa ampla presenza de nais solteiras, noivas non virxes e descendencia ilexítima en terras galegas desmonta os presupostos das teorías da honra.

A conxunción de fontes e, sobre todo, a súa lectura feminina, permite adentrármonos nun universo silenciado pola propia pegada histórica:

POSKA, Allyson M.
*Women and Authority in Early
Modern Spain: The Peasants
of Galicia*
Paulo Jablonski García

a autoridade da muller no contexto galego moderno. Poska non só le entreliñas os procesos inquisitoriais, os testamentos e sistemas de herdanza, e os rexistros de casamento, senón que reconstrúe o universo feminino a partir destes datos aparentemente desconexos tomando en consideración as implicacións sociais da información contida ou amagada nesas mesmas fontes. No exemplo prestado co que comeza este artigo, a autora trae ao texto as relacións sociais establecidas polas nais solteiras indo alén da mera constatación da súa presenza significativa na sociedade galega da época. Rescata o capital social (concepto que a autora nin explota nin explora) que se xestiona neste contexto. Capital social que a historiadora coloca en termos de vencellos emocionais e extramateriais entre as mulleres. Esta visión que transcende á fonte histórica pero que parte dela leva ás lectoras e lectores a trasladarse ás vidas desas mesmas nais solteiras.

Tamén nos axuda a percorrer este camiño de séculos a estratexia expositiva de Poska. Opta por comezar case todos os capítulos con casos concretos de mulleres con nomes e apelidos relacionadas cos temas que trata. Personaliza as fontes nunha estratexia frecuente na etnografía, tamén naquela *Microhistoria* de Carlo Ginzburg e Giovanni Levi, para a continuación tratar cada argumento conxugando as diferentes fontes. A presentación de casos particulares, francamente notábeis en canto a protagonismo feminino, cuestiona o silenciamento da muller na historiografía ao tempo que nos alerta da necesidade de ler de forma transversal as fontes históricas.

Con todo, e aquí comezamos cos fondos problemáticos da obra, cabe preguntarse pola representatividade dos casos analizados e, sobre todo, pola representatividade das xeneralizacións que a autora realiza. Na elaboración da ciencia, da que axuda á construción de coñecemento científico, isto é, e de forma sintética, aquela da que podemos contrastar en base a unha teoría, evidencia empírica e sistema de relacións de variábeis, hai que medir con finura os saltos das hipóteses ás xeneralizacións. Nesta distancia epistemolóxica, que nos permite pasar do caso de Ana Álvarez ao das ‘mulleres galegas’, é onde a obra presenta as súas maiores fendas. En primeiro lugar, a autora non ofrece una relación sistemática, cando menos de forma explícita, dos fondos arquivísticos e literarios consultados. O lector descoñece con exactitude de que ‘mulleres galegas’ está a falar Poska. Se ben na introdución apunta que dedicará a súa atención ás campesiñas e que estas nin sempre son un grupo homoxéneo, o tratamento destas mesmas campesiñas heteroxéneas é como un todo continuo ao longo da obra. Nalgunha pasaxe da obra apunta que consultou o rexistro bautismal de dúas parroquias, pero seguimos sen coñecer os criterios de selección e, polo tanto, a capacidade de xeneralización que estes datos ofrecen.

A estratexia expositiva de atender aos casos particulares de forma reiterada non impide as xeneralizacións hipotéticas, pero si a falta dun deseño metodolóxico (explícito para as lectoras e lectores) que permita a proxección das conclusións para máis do que dúas parroquias. O propio título da obra remite a un escenario estatal puntualizado cun subtítulo referente a Galiza e, lendo as súas páxinas, non podemos máis do que dudar da amplitude das súas conclusións. Por outro lado, non se nos pode escapar a referencia continua a un grupo homoxéneo de persoas definidas exclusivamente en base ao xénero. Falta aquí un tratamento non só socioeconómico, senón tamén territorial. Poska coñece o traballo de Lourdes Méndez “*Cousas de mulleres*”: *campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo, 1940-1980)* (Méndez 1988) en que se defende a falta de poder das mulleres na sociedade campesiña en Galiza. Poska xustifica esta falta de poder (por

POSKA, Allyson M.
Women and Authority in Early
Modern Spain: The Peasants
of Galicia
Paulo Jablonski García

outra banda contrario aos seus resultados) en base ao sistema de herdanza de mellora sobre o fillo varón na provincia de Lugo, epicentro do traballo de Méndez. Esta afirmación debera ser elemento de reflexión sobre as reiteradas xeneralizacións da, agora suposta, xeneralizada autoridade feminina na época moderna. Neste sentido, o libro pide algún elemento que sistematice a información existente para o conxunto galego en base ás variábeis que a autora manexa (herdanza, enxovais e dotes matrimoniais, procesos inquisitoriais, e folclore, entre outras fontes). É xusto comentar que Poska difire notabelmente dos seus colegas galegos que enchoupan con demasiada insistencia os textos con eternos gráficos e series estatísticas. O lector agradece unha narrativa fluída sen constantes interrupcións gráficas, pero o punto intermedio entre a serie demográfica e a proposta de Polka ofrecería claves necesarias para comprender e contextualizar mellor o seu traballo.

En relación coa falta de sistematización de datos estatísticos é preciso realizar un comentario sobre o uso e abuso da chamada Etnohistoria. Tomando as palabras dun clásico da Antropoloxía: 'a Historia e a Antropoloxía [...] son dúas disciplinas indisociábeis' (Evans-Pritchard 1970: 27, a tradución é miña.). Poska oposta por unha asociación disciplinaria valente se observamos o panorama científico maioritario. A Etnohistoria é unha proposta metodolóxica que mestura estas dúas disciplinas centrais nas ciencias sociais. Con todo, non é suficiente con incluír de forma case anecdótica elementos do que poderíamos chamar, sendo reduccionistas, etnografía galega. Se a Etnohistoria é sumar ás fontes documentais elementos de paremioloxía, lendas e mitos populares sen máis, agroman varios problemas.

A fraseoloxía popular, ao igual que calquera outra fonte documental e oral, necesita ser peneirada pola crítica histórica. En primeiro lugar, analizar o contexto de produción de tal proverbio. Isto é, que suxeito social utiliza a paremia, en que contextos, con que finalidade, dirixido a quen o susodito refrán. De pouco serve, tal e como fai a autora repetidas veces, citar a existencia dunha copla contraria ao matrimonio sen mencionar o seu contexto de produción; sobre todo cando as coplas recollidas en cacioneiros nunca son anteriores ao s. XIX. Non só se presenta o problema da representatividade de dito refrán ou copla, senón que fica en interrogantes a súa proxección histórica. Se ben Poska menciona no texto esta distancia cronolóxica, a utilización que fai da paremioloxía resposta a unha concepción atemporal da poesía e dos adverbios populares. A perspectiva etnohistórica non pode saltar as peneiras da crítica documental esixíbel a calquera tratamento científico de material histórico.

En consonancia co anterior, a autora toma man da produción antropolóxica galega, sobre todo dos textos de Carmelo Lisón Tolosana e Vicente Risco e de varios autores estranxeiros que teñen traballado en terras galegas como Sharon Roseman, Marisa Rey-Henningsen e Hans e Judith-María Buechler. Bótanse en falta, nunha primeira lectura, varias referencias dentro da literatura etnográfica necesarias á vista da dispoñibilidade dos textos e da perspectiva etnohistórica que adopta Poska. Penso nos textos de principios do s. XX de Nicolás Tenorio e Alfredo García Ramos que contan con sendas edicións actuais. Da produción máis recente, os traballos de Marcial Gondar Portasany sobre a morte e as viúvas na Galiza, dado a temática da obra, son de lectura obrigatoria.

Comeza e remata o libro cunha mención á *Xeografía* de Estrabón que é pertinente a todos os efectos pero que trae unha nova cuestión. Se a autora opta polo autor grego como recurso non só estilístico, abrindo e pechando o texto, senón como unha evidencia histórica para a súas

POSKA, Allyson M.
*Women and Authority in Early
Modern Spain: The Peasants
of Galicia*
Paulo Jablonski García

conclusións, é pertinente preguntarse por que non explora a produción científica sobre o período inmediatamente anterior á Idade Moderna. As continuidades entre o Medievo e aquela son notábeis, sobre todo en cuestións de comportamentos e cultura. Neste senso, as proxeccións históricas non teñen porque ser exclusivamente de carácter retroactivo.

A aposta de Allyson Poska é, ao mesmo tempo, valente e atrevida, por iso mesmo suscita interrogantes e a súa lectura enriquece. Valente pola propia temática que afronta á vista das fontes documentais dispoñíbeis e a visión holística que ofrece do cotián da muller na Idade Moderna. Unha valentía que lle obriga a habitar a permeábel e fértil fronteira entre a Historia e a Antropoloxía. Atrevida nas xeneralizacións e proxeccións de hipóteses a un conxunto social e territorialmente heteroxéneo. Atrevida por negar un paraíso para as mulleres modernas e a existencia do matriarcado mais, ao mesmo tempo, reiterar o grande poder atesourado pola poboación feminina galega. O atrevemento de Poska vén da man dun salto epistemolóxico non asegurado, cando menos de forma explícita no libro, pola sempre necesaria cama metodolóxica. Nunha encadernación que asegura longa vida ao libro e converte o seu prezo en prohibitivo, Allyson Poska rescata e visibiliza as vidas de tantas Anas Álvarez negadas na historiografía convencional. O seu papel de etnógrafa de arquivo permítelle introducirse nun mundo vetado para as visións ortodoxas da historiografía. Este camiño, non exento de dificultades, terá que seguir ofrecendo os seus froitos e limando o seu instrumental; tal e como di un proverbio portugués: 'Ai, ai, / vida, vida. / Quem não come, / não mastiga.' (Coelho 1993 [1883]: 201).

Referencias:

COELHO, Alfredo, 1993 [1883]. 'Jogos e Rimas infantís de Portugal', en *Obra etnográfica: Volume I: Festas, Costumes e outros materiais para uma Etnologia de Portugal* (Lisboa: Dom Quixote): 177-213.

EVANS-PRITCHARD, E. E., 1970. 'Antropología e historia', *Nuestro tiempo* 188: 3-27.

GEERTZ, Clifford, 1997 [1988]. *El antropólogo como autor* (Barcelona: Paidós).

MÉNDEZ, Lourdes, 1988. 'Cousas de mulleres': *campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo, 1940-1980)* (Barcelona: Anthropos).